


Igaciencia

A prol da Ciencia Galega e do Galego na Ciencia

## CONCURSO NOVOS POLIEDROS 2022



# Alumnado de 1º e 2º ESO - CUBISARES

Representantes:

Mauro Román Fernández  
Samuel Vázquez Fernández  
Xiana Kinga Alvarez Strzemkowski  
Zoe Seijas Fernández

Neste poliedro fixemos varias sesións na clase de plástica, coa profesora Paula Oanes, 1ESO, varias no club de Ciencias todos os cursos con Almudena Carro e Noemí Ortega, e unha nas clases de matemáticas de 1 ESO e 2 ESO con Noemí Ortega. Nestas sesión construimos cubos para ensamblar de diferentes materiais reciclados do centro.

Pero finalmente o poliedro que escollemos, por ter mellor acabado final, foi o realizado nas aulas de tecnoloxía co profesor Fernando Fuentes. Os alumn@s deseñaron as pezas no ordenador e constuíron un prototipo en porexpam con cortadora de fio quente (nicrom) e algúns tamén en impresora 3D. Chegamos ao nivel 2.

O nome é combinación de cubo e Carlos Casares, escritor galego e nome do centro, foi presentado por alumando do centro mediante un formulario drive.

<https://forms.gle/h8sztKb6g8gA9Vqc8>



Novos poliedros 2022. Que nome en galego lle darías?

Podes enviar as túas ideas a través do QR:



# Alumnado de 3º ESO – MAIO PIRAMIDAL

Representantes:

Aixa Soliño Rodríguez  
Antía Pedrosa Mariño  
Carme Vila Bastero  
Carmen Figueroa Ramilo  
Erín Quevedo Ferrández  
Uxía Fontañá Otero

Neste poliedro @s alumn@s, coordinados en matemáticas por Laura Sánchez, empezaron facendo unha proposta de deseño do poliedro a man e un prototipo en diversos materiais coma cartón, madeira, polispam, cartulinas,... E finalmente traballaron en varias equipas no deseño final. De todos os que deseñaron escolleran para a participación no concurso o Maio piramidal.

O nome veu motivado porque a figura lles recordou a un maio, elemento típico da cultura galega, e así o adornaron.



# EXPOSICIÓN DE VARIOS DOS RESULTADOS

